



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 340
25 de febreiro de 2026



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.1. Normas aprobadas

1.1.1.1. Leis

■ Acordo do Pleno do Parlamento, do 24 de febreiro de 2026, polo que se aproba o procedemento de lectura única para a tramitación do Proxecto de lei de medida excepcional de carácter fiscal (doc. núm. 50911, 12/PL-000013) [186195](#)

■ Lei pola que se establece unha medida excepcional de carácter fiscal [186195](#)

■ Ley por la que se establece una medida excepcional de carácter fiscal [186198](#)

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

Rexeitamento da toma en consideración

■ 21978 (12/PPLI-000002)

Comisión Promotora

Proposición de lei, de iniciativa popular, sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo pobo galego [186201](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Aprobación con modificacións

■ 48830 (12/MOC-000103)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia

Sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 35295, publicada no BOPG núm. 265f2, do 8 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2026) [186201](#)

Rexeitamento da iniciativa

■ 48521 (12/MOC-000101)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla



Sobre os compromisos orzamentarios do Goberno galego co desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (SAF) e coa implantación do novo protocolo de prevención da violencia nos domicilios onde se presta (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 36818, publicada no BOPG núm. 272f2, do 22 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2026) [186202](#)

I 48822 (12/MOC-000102)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan galego de saúde invernol 2025-2026 (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 43054, publicada no BOPG núm. 310f1, do 9 de xaneiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2026) [186202](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Aprobación con modificacións

I 34797 (12/PNP-002566)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e nove deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que non presente recurso contra determinados preceptos da Lei galega de medidas fiscais e administrativas de 2024 relativos á repotenciación de parques eólicos [186203](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 37785 (12/PNP-002767)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa aplicación e a dotación orzamentaria da Lei ELA [186203](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 26985 (12/PNP-002171)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de promover a agricultura e gandería rexenerativa [186204](#)

I 43881 (12/PNP-003015)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que realice unha avaliación urxente da dotación actual de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e coidadores e coidadoras nos centros educativos públicos galegos [186204](#)



I 44584 (12/PNP-003033)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás**

Sobre a planificación que debe desenvolver a Xunta de Galicia antes da fin do actual período de sesións destinada a combater a emigración xuvenil

[186204](#)**I 44839 (12/PNP-003043)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa ocupación de Gaza por parte do Estado de Israel e a situación das ONGD que operan en Palestina

[186204](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.1. Normas aprobadas

1.1.1.1. Leis

Acordo do Pleno do Parlamento, do 24 de febreiro de 2026, polo que se aproba o procedemento de lectura única para a tramitación do Proxecto de lei de medida excepcional de carácter fiscal (doc. núm. 50911, 12/PL-000013)

O Pleno do Parlamento, na sesión do 24 de febreiro de 2026, adoptou o seguinte acordo:

Aprobación do procedemento de lectura única

- 50911 (12/PL-000013)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de medida excepcional de carácter fiscal

BOPG n.º 336 f1, do 19.02.2026

Sometida a votación a proposta da Mesa de tramitación do proxecto de lei polo procedemento de lectura única, ao abeiro do disposto no artigo 134.1 do Regulamento do Parlamento, resulta aprobada por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2026

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Lei pola que se establece unha medida excepcional de carácter fiscal

O Parlamento de Galicia, na sesión plenaria do día 24 de febreiro de 2026, aprobou, por 70 votos a favor, ningún en contra e 1 abstención a Lei pola que se establece unha medida excepcional de carácter fiscal.

Lei pola que se establece unha medida excepcional de carácter fiscal

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O artigo 31.1 da Constitución española consagra o principio de que todos contribuirán ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica, mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade.

Os beneficios fiscais constitúen instrumentos de política económica e social mediante os cales as administracións tributarias, no ámbito das súas competencias, renuncian, total ou parcialmente, á percepción de determinados tributos co fin de alcanzaren obxectivos estratéxicos de desenvolvemento. Supoñen, pois, unha excepción ao principio de xeneralidade tributaria e responden a razóns



económicas, sociais ou estratéxicas que buscan promover unha finalidade pública e que, ao mesmo tempo, supoñen unha minoración da recadación.

Como ferramentas de política pública requiren de control, pois os beneficios fiscais non son simples reducións de impostos e débense administrar con responsabilidade, con transparencia e con avaliación constante. Un sistema de control sólido asegura a eficiencia, a legalidade e a sustentabilidade financeira da Administración.

Un dos medios para lograr ese control é a exigencia do uso de medios de pagamento rastrexables, pois permiten verificar a realidade da operación, reducir o risco de facturas falsas ou simuladas, facilitar a comprobación administrativa e evitar a utilización instrumental do beneficio fiscal. É, alén diso, un medio de control coherente coa normativa fiscal antifraude que evidencia unha orientación lexislativa clara cara á rastrexabilidade das operacións económicas como instrumento de control tributario.

Por tanto, a xustificación de que o gasto suxeito a dedución non poida realizarse mediante entregas de diñeiro de curso legal obedece á necesidade de o gasto ter que estar debidamente xustificado e rexistrado a través de medios de pagamento que permitan verificar a realidade da transacción e a orixe inmediata dos fondos dedicados a iso. Trátase dunha finalidade que se non se consegue co pagamento en metálico e si co pagamento mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo, ingreso en conta en entidades de crédito ou a través de plataformas de servizos de pagamentos electrónicos instantáneos autorizadas en España.

II

No texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, a Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das competencias normativas en materia de tributos cedidos, aprobou diferentes beneficios fiscais que exclúen como medio de xustificación do gasto fiscalmente deducible as entregas de diñeiro de curso legal. Estes beneficios recóllense nos artigos 5.Tres (dedución polo investimento en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables na vivenda habitual e destinadas exclusivamente ao autoconsumo), 5.Dezaioito (dedución na cota íntegra autonómica por obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou en vivendas unifamiliares) e tamén na redución no imposto sobre doazóns prevista no artigo 8.Dez (redución pola adquisición de bens e dereitos destinados a reparar ou repórter os danos polos incendios forestais acaecidos en Galicia en 2025).

No caso da Administración xeral do Estado, podemos citar como medidas fiscais nas que non cabe acreditar o pagamento mediante entregas de diñeiro de curso legal: a disposición adicional vixésimo novena (dedución por obras de mellora na vivenda), a disposición adicional quincuaxésima (dedución por obras de mellora da eficiencia enerxética de vivendas) e mais a disposición adicional quincuaxésimo oitava (dedución pola adquisición de vehículos eléctricos «enchufables» e de pila de combustible e puntos de recarga) da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

Nesta mesma liña, a Comunidade Autónoma de Aragón regula, na disposición adicional segunda do Decreto lexislativo 1/2005, do 26 de setembro, do Goberno de Aragón, polo que se aproba o



texto refundido das disposicións ditadas pola Comunidade Autónoma de Aragón en materia de tributos cedidos, os requisitos das entregas de importes pecuniarios para a aplicación de determinados beneficios fiscais. Sinala que as deducións na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas polas cantidades satisfeitas derivadas dos gastos polos que as persoas contribuíntes teñan dereito á aplicación do correspondente beneficio fiscal quedan condicionadas a que o pagamento dos devanditos gastos se realice mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo ou ingreso en contas en entidades financeiras.

No mesmo sentido, a Comunidade Autónoma de Extremadura, no artigo 52.3 do Decreto legislativo 1/2018, do 10 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Extremadura en materia de tributos cedidos polo Estado, dispón que a aplicación dos beneficios fiscais establecidos pola Comunidade Autónoma de Extremadura no marco da súa competencia normativa, relativos a tributos cedidos, queda condicionada a que o aboamento das cantidades satisfeitas polo negocio xurídico que orixine o dereito á súa aplicación se realice mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo ou ingreso en contas en entidades de crédito.

Na Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, engádese o artigo 5.Vinte e cinco ao texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, da Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das competencias normativas en materia de tributos cedidos, que regula a dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar no imposto sobre a renda das persoas físicas. No que atinxe aos medios de xustificación do gasto, sinala que «A acreditación do gasto pola adquisición dos libros de texto e do material escolar realizarase mediante a factura detallada dos bens adquiridos e os xustificantes do pagamento efectuado mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo, ingreso en conta en entidades de crédito ou a través de plataformas de servizos de pagamentos electrónicos instantáneos autorizadas en España. En ningún caso darán dereito a practicar esta dedución as cantidades satisfeitas mediante entregas de diñeiro de curso legal».

No entanto, con carácter excepcional, dado que a norma foi publicada a finais de 2025 e coa finalidade de non prexudicar a quen realizou o gasto en material escolar e libros de texto no período do 1 de xullo ao 31 de decembro de 2025 en diñeiro de curso legal, ao descoñecer que non se ía admitir como medio válido para acreditalo, procede modificar a disposición adicional quinta da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para admitir ese medio de pagamento para a aplicación da dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas aplicable no período impositivo 2025. Deste xeito, con carácter excepcional e polos motivos expostos, permítese o pagamento en diñeiro de curso legal dos gastos en material escolar e libros de texto no período do 1 de xullo ao 31 de decembro de 2025.

Esta lei está composta dun artigo único e dunha disposición derradeira.

Artigo único. *Modificación da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*

Modifícase a disposición adicional quinta da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, do seguinte xeito:



«Disposición adicional quinta. *Aplicación da dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas aplicable no período impositivo 2025*

A dedución pola adquisición de libros de texto e de material escolar regulada no apartado vinte e cinco do artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, na redacción dada por esta lei, será aplicada na declaración correspondente ao período impositivo do ano 2025 polos contribuíntes que teñan dereito a ela, unicamente sobre os importes correspondentes ás adquisicións recollidas nas facturas emitidas entre o 1 de xullo e o 31 de decembro, ambos incluídos.

A acreditación do gasto realizarase mediante a factura detallada dos bens adquiridos e os xustificantes do pagamento efectuado mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo, ingreso en conta en entidades de crédito ou a través de plataformas de servizos de pagamentos electrónicos instantáneos autorizadas en España. De xeito excepcional, no ano 2025 serán tamén admisibles as contías satisfeitas mediante entregas de diñeiro de curso legal.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta lei produce efectos desde o 1 de xaneiro de 2025.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2026

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Ley por la que se establece una medida excepcional de carácter fiscal

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

El artículo 31.1 de la Constitución española consagra el principio de que todos contribuirán al sostenimiento de los gastos públicos de acuerdo con su capacidad económica, mediante un sistema tributario justo inspirado en los principios de igualdad y progresividad.

Los beneficios fiscales constituyen instrumentos de política económica y social mediante los cuales las administraciones tributarias, en el ámbito de sus competencias, renuncian, total o parcialmente, a la percepción de determinados tributos a fin de alcanzar objetivos estratégicos de desarrollo. Suponen, pues, una excepción al principio de generalidad tributaria y responden a razones económicas, sociales o estratégicas que buscan promover una finalidad pública y que, al mismo tiempo, suponen una minoración de la recaudación.

Como herramientas de política pública requieren de control, pues los beneficios fiscales no son simples reducciones de impuestos y han de administrarse con responsabilidad, con transparencia y con evaluación constante. Un sistema de control sólido asegura la eficiencia, la legalidad y la sostenibilidad financiera de la Administración.



Uno de los medios para lograr ese control es la exigencia del uso de medios de pago trazables, pues permiten verificar la realidad de la operación, reducir el riesgo de facturas falsas o simuladas, facilitar la comprobación administrativa y evitar la utilización instrumental del beneficio fiscal. Es, además, un medio de control coherente con la normativa fiscal antifraude que evidencia una orientación legislativa clara hacia la trazabilidad de las operaciones económicas como instrumento de control tributario.

Por lo tanto, la justificación de que el gasto sujeto a deducción no pueda realizarse mediante entregas de dinero de curso legal obedece a la necesidad de que el gasto tenga que estar debidamente justificado y registrado a través de medios de pago que permitan verificar la realidad de la transacción y el origen inmediato de los fondos dedicados a ello. Se trata de una finalidad que se no se consigue con el pago en metálico y sí con el pago mediante tarjeta de crédito o débito, transferencia bancaria, cheque nominativo, ingreso en cuenta en entidades de crédito o a través de plataformas de servicios de pagos electrónicos instantáneos autorizadas en España.

II

En el texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos por el Estado, aprobado por el Decreto legislativo 1/2011, de 28 de julio, la Comunidad Autónoma de Galicia, en el ejercicio de las competencias normativas en materia de tributos cedidos, aprobó diferentes beneficios fiscales que excluyen como medio de justificación del gasto fiscalmente deducible las entregas de dinero de curso legal. Estos beneficios se recogen en los artículos 5.Tres (deducción por la inversión en instalaciones de climatización y/o agua caliente sanitaria que empleen energías renovables en la vivienda habitual y destinadas exclusivamente al autoconsumo), 5.Dieciocho (deducción en la cuota íntegra autonómica por obras de mejora de eficiencia energética en edificios de viviendas o en viviendas unifamiliares) y también en la reducción en el impuesto sobre donaciones prevista en el artículo 8.Diez (reducción por la adquisición de bienes y derechos destinados a reparar o reponer los dañados por los incendios forestales acaecidos en Galicia en 2025).

En el caso de la Administración general del Estado, podemos citar como medidas fiscales en las que no cabe acreditar el pago mediante entregas de dinero de curso legal: la disposición adicional vigésima novena (deducción por obras de mejora en la vivienda), la disposición adicional quincuagésima (deducción por obras de mejora de la eficiencia energética de viviendas) y la disposición adicional quincuagésima octava (deducción por la adquisición de vehículos eléctricos «enchufables» y de pila de combustible y puntos de recarga) de la Ley 35/2006, de 28 de noviembre, del impuesto sobre la renta de las personas físicas y de modificación parcial de las leyes de los impuestos sobre sociedades, sobre la renta de no residentes y sobre el patrimonio.

En la misma línea, la Comunidad Autónoma de Aragón regula, en la disposición adicional segunda del Decreto legislativo 1/2005, de 26 de septiembre, del Gobierno de Aragón, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones dictadas por la Comunidad Autónoma de Aragón en materia de tributos cedidos, los requisitos de las entregas de importes pecuniarios para la aplicación de determinados beneficios fiscales. Señala que las deducciones en la cuota íntegra autonómica del impuesto sobre la renta de las personas físicas por las cantidades satisfechas derivadas de los gastos por los que las personas contribuyentes tengan derecho a la aplicación del correspondiente beneficio



fiscal quedan condicionadas a que el pago de dichos gastos se realice mediante tarjeta de crédito o débito, transferencia bancaria, cheque nominativo o ingreso en cuentas en entidades financieras.

En el mismo sentido, la Comunidad Autónoma de Extremadura, en el artículo 52.3 del Decreto legislativo 1/2018, de 10 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Extremadura en materia de tributos cedidos por el Estado, dispone que la aplicación de los beneficios fiscales establecidos por la Comunidad Autónoma de Extremadura en el marco de su competencia normativa, relativos a tributos cedidos, queda condicionada a que el abono de las cantidades satisfechas por el negocio jurídico que origine el derecho a su aplicación se realice mediante tarjeta de crédito o débito, transferencia bancaria, cheque nominativo o ingreso en cuentas en entidades de crédito.

En la Ley 5/2025, de 23 de diciembre, de medidas fiscales y administrativas, se añade el artículo 5.Veinticinco al texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos por el Estado, aprobado por el Decreto legislativo 1/2011, de 28 de julio, de la Comunidad Autónoma de Galicia, en el ejercicio de las competencias normativas en materia de tributos cedidos, que regula la deducción por la adquisición de libros de texto y material escolar en el impuesto sobre la renta de las personas físicas. En lo relativo a los medios de justificación del gasto, señala que «La acreditación del gasto por la adquisición de los libros de texto y del material escolar se realizará mediante la factura detallada de los bienes adquiridos y los justificantes del pago efectuado mediante tarjeta de crédito o débito, transferencia bancaria, cheque nominativo, ingreso en cuenta en entidades de crédito o a través de plataformas de servicios de pagos electrónicos instantáneos autorizadas en España. En ningún caso darán derecho a practicar esta deducción las cantidades satisfechas mediante entregas de dinero de curso legal».

No obstante, con carácter excepcional, dado que la norma fue publicada a finales de 2025 y con la finalidad de no perjudicar a quienes realizaron el gasto en material escolar y libros de texto en el período del 1 de julio al 31 de diciembre de 2025 en dinero de curso legal, al desconocer que no se iba a admitir como medio válido para acreditarlo, procede modificar la disposición adicional quinta de la Ley 5/2025, de 23 de diciembre, de medidas fiscales y administrativas, para admitir ese medio de pago para la aplicación de la deducción por la adquisición de libros de texto y material escolar en la cuota íntegra autonómica del impuesto sobre la renta de las personas físicas aplicable en el período impositivo 2025. De este modo, con carácter excepcional y por los motivos expuestos, se permite el pago en dinero de curso legal de los gastos en material escolar y libros de texto en el período del 1 de julio al 31 de diciembre de 2025.

Esta ley está compuesta de un artículo único y una disposición final.

Artículo único. Modificación de la Ley 5/2025, de 23 de diciembre, de medidas fiscales y administrativas

Se modifica la disposición adicional quinta de la Ley 5/2025, de 23 de diciembre, de medidas fiscales y administrativas, de la siguiente manera:

«Disposición adicional quinta. *Aplicación de la deducción por la adquisición de libros de texto y material escolar en la cuota íntegra autonómica del impuesto sobre la renta de las personas físicas aplicable en el período impositivo 2025*



La deducción por la adquisición de libros de texto y de material escolar regulada en el apartado veinticinco del artículo 5 del texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos por el Estado, aprobado por el Decreto legislativo 1/2011, de 28 de julio, en la redacción dada por esta ley, será aplicada en la declaración correspondiente al período impositivo del año 2025 por los contribuyentes que tengan derecho a ella, únicamente sobre los importes correspondientes a las adquisiciones recogidas en las facturas emitidas entre el 1 de julio y el 31 de diciembre, ambos incluidos.

La acreditación del gasto se realizará mediante la factura detallada de los bienes adquiridos y los justificantes del pago efectuado mediante tarjeta de crédito o débito, transferencia bancaria, cheque nominativo, ingreso en cuenta en entidades de crédito o a través de plataformas de servicios de pagos electrónicos instantáneos autorizadas en España. De manera excepcional, en el año 2025 serán también admisibles las cuantías satisfechas mediante entregas de dinero de curso legal.»

Disposición final única. *Entrada en vigor*

Esta ley surte efectos desde el 1 de enero de 2025.

Santiago de Compostela, 24 de febrero de 2026
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

O Pleno do Parlamento, na sesión do 10 de febreiro de 2026, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da toma en consideración

- 21978 (12/PPLI-000002)

Comisión Promotora

Proposición de lei, de iniciativa popular, sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo pobo galego

BOPG nº 183, do 03.04.2025

Sometida a votación, obtense o resultado de 34 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Aprobación con modificacións

- 48830 (12/MOC-000103)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia



Iglesias Rey, Patricia

Sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 35295, publicada no BOPG núm. 265f2, do 8 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2026)

BOPG nº 328f1, do 05.02.2026

Sométese a votación por puntos co seguinte resultado:

Puntos 1, 2 e 3: resultan rexeitados por 8 votos a favor, 35 votos en contra e 25 abstencións.

Punto 4: resulta aprobado pola unanimidade dos 68 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento acorda retomar a convocatoria da Comisión non permanente especial de estudo para abordar a proposta da Comunidade Autónoma de Galicia diante de reforma do sistema de financiamento, constituída o 30 de novembro do 2021, para os efectos de elaborar unhas conclusións sobre o financiamento autonómico para Galicia.»

Rexeitamento da iniciativa

- 48521 (12/MOC-000101)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre os compromisos orzamentarios do Goberno galego co desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (SAF) e coa implantación do novo protocolo de prevención da violencia nos domicilios onde se presta (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 36818, publicada no BOPG núm. 272f2, do 22 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2026)

BOPG nº 328f1, do 05.02.2026

Sométese a votación e resulta rexeitada por 24 votos a favor, 35 votos en contra e 8 abstencións.

- 48822 (12/MOC-000102)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan galego de saúde invernol 2025-2026 (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 43054, publicada no BOPG núm. 310f1, do 9 de xaneiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2026)

BOPG nº 328f1, do 05.02.2026

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 35 votos en contra e ningunha abstención.



1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

Aprobación con modificacións

- 34797 (12/PNP-002566)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e nove deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que non presente recurso contra determinados preceptos da Lei galega de medidas fiscais e administrativas de 2024 relativos á repotenciación de parques eólicos

BOPG nº 263f1, do 01.10.2025

Sométese a votación a autoemenda presentada polo G. P. Popular de Galicia, e resulta aprobada por 36 votos a favor, 9 votos en contra e 25 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que retire, con carácter inmediato, o recurso de inconstitucionalidade contra determinados preceptos da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, en particular, contra aqueles que regulan o plan de axilización da dependencia e da discapacidade e as medidas relativas ao sector eólico en Galicia, en concreto, as referidas á repotenciación dos parques eólicos e á obriga de ofertar e vender en Galicia parte da electricidade xerada en beneficio directo da cidadanía e da industria galegas. Así mesmo, reclama que se respecte o autogoberno de Galicia, que está a verse violentado na súa capacidade lexislativa polas decisións de bloqueo e impugnación promovidas polo Executivo central.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 37785 (12/PNP-002767)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa aplicación e a dotación orzamentaria da Lei ELA

BOPG nº 279f1, do 05.11.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España:

1. Que asigne unha dotación orzamentaria suficiente e específica para facer efectivos de maneira inmediata os dereitos recoñecidos pola lei.



2. Que a aplicación desta lei teña carácter retroactivo desde a súa entrada en vigor para que todas as persoas afectadas poidan beneficiarse das súas medidas de apoio.»

Rexeitamento da iniciativa

- 26985 (12/PNP-002171)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de promover a agricultura e gandaría rexenerativa

BOPG nº 211f1, do 18.06.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 9 votos a favor, 36 en contra e 25 abstencións.

- 43881 (12/PNP-003015)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que realice unha avaliación urxente da dotación actual de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e coidadores e coidadoras nos centros educativos públicos galegos

BOPG nº 315f1, do 16.01.2026

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

- 44584 (12/PNP-003033)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

Sobre a planificación que debe desenvolver a Xunta de Galicia antes da fin do actual período de sesións destinada a combater a emigración xuvenil

BOPG nº 319f1, do 22.01.2026

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

- 44839 (12/PNP-003043)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa ocupación de Gaza por parte do Estado de Israel e a situación das ONGD que operan en Palestina

BOPG nº 319f1, do 22.01.2026

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 36 en contra e unha abstención.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2026

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

